

Presuposto de servizos

Asociación GNOME HISPANO

Contido dos servizos

Segundo conversa mantida cos representantes da Asociación GNOME HISPANO e en resposta á solicitude dun servizo económico, fiscal e laboral da entidade, adxuntolle a seguinte proposta de actuación, que espero sexa da súa aprobación.

Servizo de asesoramento económico-financeiro

O servizo ofreceríase de forma continuada combinando o traballo de xestión na sede de Algalia co asesoramento telefónico e telemático.

Este servizo abarca os seguintes campos:

A) Asesoramento, introducción e seguemento contable, tendo en conta as especialidades propias e a especialización da nosa empresa na contabilización das entidades non lucrativas, en base ó plan contable adaptado a estas entidades.

Este plan é obrigatorio no seu uso, dende o exercicio de 1999, e supón unha especialización sobre a base do Plan Xeral Contable. Este asesoramento contable estase prestándoo a máis de corenta organizacións non lucrativas, o cal nos sitúa cunha maior especialización, ó coñecer de primeira man as cuestións económicas máis habituais no sector (cuotas aboados, subvencións, concesións administrativas, patrocinios...).

B) Elaboración de contas anuais, libros contables e memorias, conforme ó establecido no plan contable adaptado, necesarias para o seu rexistro na administración correspondente antes do 30 de xuño de cada ano.

C) Mellora administrativa nas vertentes económica e asociativa en xeral (comunicación asociativa, socios, modelos y formularios...).

Servizo de asesoramento fiscal.

Consistiría na resolución de dúbidas fiscais sobre cuestións da asociación, por vía telefónica ou ben nas visitas derivadas do asesoramento contable.

A nosa empresa está especializada na fiscalidade das organizacións non lucrativas, tendo prestado a máis de cen organizacións non lucrativas galegas, asesorándolles en impostos como os seguintes:

- Imposto de Sociedades
- Imposto de Bens Inmóbles (IBI)
- Imposto do Valor Engadido (IVE)
- Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.
- Imposto sobre Actividades Económicas (IAE).

Este servizo tamén incluíría, se procede, a elaboración dos modelos e impresos fiscais a partir dos datos contables elaborados (Imposto sobre sociedades, Modelo 347...).

Os impostos remitiríanse á asociación para a súa posterior liquidación.

Servizo de asesoramento laboral.

Comprendería a realización das seguintes tarefas:

- Realización de nóminas mensuais.
- Confección do impreso 110 cada trimestre e do correspondente 190 anual.
- Confección dos seguros sociais da entidade.
- Entrega dos anteriores documentos para o seu posterior pago por parte da entidade na súa entidade bancaria. No apartado laboral ofrécese a posibilidade ó cliente de domiciliar ó pago dos seguros sociais no banco ou caixa de aforros coa que traballe a empresa, procedemento polo que se aforrarán tempo e complicacións innecesarias.
- Asesoramento na contratación e realización de contratos, altas e baixas de traballadores/as mediante a realización previa de estudos de custes.
- Seguemento do saldo de formación segundo o novo sistema de formación para a formación continua do persoal contratado da Asociación.

Prezo dos servizos presentados.

- a) O prezo do servizo fiscal-contable será de **96,66 euros mensuais**.
- b) O prezo do servizo laboral sería do seguinte xeito:



- a. 1º nómina: **13,59 euros mensuais.**
- b. 2ªa 10ª nóminas: **10,85 euros mensuais.**

NOTAS: 1) O IVE está incluído no prezo dos servizos presupostados.